

# BENEFICIOS FISCAIS PARA AS ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL

## Sociedades cooperativas



### Sociedades cooperativas protexidas<sup>1</sup>

Art. 33 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de réxime fiscal de cooperativas

➤ **EXENCIÓN no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados**

1. Nos actos de constitución, ampliación de capital, fusión e escisión.
2. Na constitución e cancelación de préstamos, incluso os representados por obrigacións.
3. Na adquisición de bens e dereitos que se integren no fondo de educación e promoción para o cumprimento dos seus fins.

➤ **DIMINUCCIÓN DO TIPO DE GRAVAME ao que tributan no imposto sobre sociedades**

Á base imponible<sup>2</sup>, positiva ou negativa, correspondente aos **resultados cooperativos** aplicaráselle o tipo do **20%**, no caso dos **resultados extra-cooperativos** aplicaráselle o tipo xeral do **25%**.

➤ **LIBERDADE DE AMORTIZACIÓN dos elementos do activo no imposto sobre sociedades**

Liberdade de amortización dos elementos de activo fixo novo, **adquiridos no prazo de 3 anos a partir da data da súa inscrición no Rexistro de Cooperativas.**

➤ **BONIFICACIÓN NA COTA do imposto sobre actividades económicas**

Do **95% da cota.**

#### Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra

Art. 33.4 b) da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de réxime fiscal de cooperativas

➤ **BONIFICACIÓN NA COTA do imposto de bens inmobles**

Do **95% da cota** nos bens de natureza rústica.

#### Cooperativas de traballo asociado

Disposición adicional terceira da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de réxime fiscal de cooperativas

➤ **BONIFICACIÓN no imposto sobre sociedades**

Do **90% durante os 5 primeiros anos** da actividade social, se:

- A cooperativa integra polo menos a un 50% de persoas socias con discapacidades
- No momento de constituirse a cooperativa as ditas persoas socias se encontrasen en situación de desemprego.



### Sociedades cooperativas especialmente protexidas<sup>3</sup>

Arts. 33 e 34 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de réxime fiscal de cooperativas

➤ **EXENCIÓN no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados**

1. Nos actos de constitución, ampliación de capital, fusión e escisión.
2. Na constitución e cancelación de préstamos, incluso os representados por obrigacións.
3. Na adquisición de bens e dereitos que se integren no fondo de educación e promoción para o cumprimento dos seus fins.
4. Nas operacións de adquisicións de bens e dereitos destinados directamente ao cumprimento dos seus fins sociais e estatutarios.

➤ **DIMINUCCIÓN DO TIPO DE GRAVAME ao que tributan no imposto sobre sociedades**

Á base imponible, positiva ou negativa, correspondente aos **resultados cooperativos** aplicaráselle o tipo do **20%**, no caso dos **resultados extra-cooperativos** aplicaráselle o tipo xeral do **25%**.

➤ **LIBERDADE DE AMORTIZACIÓN dos elementos do activo no imposto sobre Sociedades**

Liberdade de amortización dos elementos de activo fixo novo, **adquiridos no prazo de 3 anos a partir da data da súa inscrición no Rexistro de Cooperativas.**

➤ **BONIFICACIÓN NA COTA ÍNTEGRA do imposto sobre sociedades**

Do **50% da cota íntegra.**

➤ **BONIFICACIÓN NA COTA do imposto sobre actividades económicas**

Do **95% da cota.**

#### Cooperativas agrarias coa condición de explotacións asociativas agrarias prioritarias

Art. 14 Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias

➤ **BONIFICACIÓN NA COTA ÍNTEGRA do imposto de bens inmobles**

Do **80% da cota íntegra.**



### Sociedades cooperativas de segundo grao

Art. 35 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de réxime fiscal de cooperativas

➤ **BENEFICIOS FISCAIS en función do tipo de cooperativa que asocien:**

- Se todos os socios son cooperativas protexidas aplicaranse os incentivos fiscais deste réxime.
- Se todos os socios son cooperativas especialmente protexidas aplicaranse os incentivos deste outro réxime.
- Se os socios son de ambos grupos, os incentivos fiscais son os beneficios das protexidas máis a bonificación do 50% da cota íntegra no imposto sobre sociedades das operacións realizadas coas especialmente protexidas.



### Persoas socias de sociedades cooperativas

Art. 5 nove e dez do Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado

➤ **DEDUCIÓN NA COTA ÍNTEGRA AUTONÓMICA do imposto sobre a renda das persoas físicas**

1. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.
    - Dedución do 30 % das cantidades investidas cun límite de 6.000 euros.
  2. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento.
    - Dedución do 30 % das cantidades investidas.
    - Dedución do 30 % das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente polo contribuínte, sempre que o préstamo se outorgase ou a garantía se constituise no exercicio no que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación de capital.
- Co límite conxunto de 20.000 euros.

#### Persoas socias de cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra

Art. 5 Quince do Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo estado

➤ **DEDUCIÓN NA COTA ÍNTEGRA AUTONÓMICA do imposto sobre a renda das persoas físicas**

Dedución por investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra.

- Dedución do 20 % das cantidades investidas.
- Dedución do 20 % das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente polo contribuínte, sempre que o préstamo se outorgue ou a garantía se constituía no exercicio no que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación de capital desta.

Cun límite conxunto de 20.000 euros.

#### Persoas socias de cooperativas de traballo asociado

Art.7.n) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas

➤ **EXENCIÓN no imposto sobre a renda das persoas físicas**

Das prestacións por desemprego cando se perciban na modalidade de pago único para a integración nunha cooperativa, sempre que se manteña a participación nesta durante un prazo de 5 anos.

<sup>1</sup> Aquelas que se axustan ao establecido pola Lei de Cooperativas estatal ou polas leis de cooperativas das comunidades autónomas que teñan competencia nesta materia.

<sup>2</sup> Para a determinación da base imponible consideraranse separadamente os resultados cooperativos e os extracooperativos.

<sup>3</sup> Son as cooperativas de traballo asociado, agrarias, de explotación comunitaria da terra, do mar, de consumidores e usuarios que cumpran as condicións establecidas na Lei 20/1990 para cada unha destas clases.